



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Lingua Galega e Sociedade	Código	613G02025	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	García Negro, María Pilar	Correo electrónico	maria.pilar.garcia.negro@udc.es	
Profesorado	García Negro, María Pilar	Correo electrónico	maria.pilar.garcia.negro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo e análise da situación sociolingüística da lingua galega.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria	A1		
	A9		
Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.	A9		
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.	A11		
Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15		
Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.	A19		
Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.	A23		
Coñecer a variación lingüística da lingua galega.	A25		
Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega.	A27		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción á sociolingüística	1.1. Lingua e sociedade 1.2. A sociolingüística e a socioloxía da lingua 1.3. A sociolingüística sobre o galego
2. A diversidade lingüística	2.1. As linguas no mundo 2.2. As comunidades lingüísticas 2.3. O contacto de linguas 2.4. As variedades lingüísticas
3. O contacto de linguas na Galiza	3.1. A introdución do castelán na Galiza 3.2. A xénese do conflito lingüístico e a súa evolución histórica 3.3. O proceso de erosión interna da lingua galega
4. As categorías sociolingüísticas básicas e a súa aplicación ao galego	4.1. Monolingüismo e plurilingüismo 4.2. Bilingüismo e diglosia 4.3. A asimilación lingüística



5. A situación actual da lingua galega	5.1. O galego, lingua ameazada 5.2. Distribución sociodemográfica e sectorial da lingua galega 5.3. Principais mudanzas e tendencias
6. Os discursos sobre a lingua na Galiza	6.1. Actitudes e ideoloxías lingüísticas presentes na sociedade galega 6.2. Os preconceptos lingüísticos no mundo 6.3. Os preconceptos a respecto do galego
7. Perspectivas de futuro para a lingua galega	7.1. Imperialismo lingüístico ou ecolingüismo 7.2. A normalización lingüística 7.3. A posición do galego no seu sistema lingüístico.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	16	32	48
Traballos tutelados	1	10	11
Presentación oral	1	1	2
Lecturas	1	20	21
Recensión bilbiográfica	1	10	11
Proba mixta	1	5	6
Sesión maxistral	20	30	50
Atención personalizada	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistrais, ben como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades contéplanse, alén doutras, a análise de fontes documentais, comentarios de textos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e estudos de casos.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar un traballo dirixido polo profesor e elixido entre un abano temático presentado no inicio do curso. Con este traballo, de que derivará unha presentación oral, preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes documentais de diverso tipo.
Presentación oral	Exposición oral, na aula, en que cada estudante explicará a metodoloxía, desenvolvemento e resultados da pesquisa realizada no "Traballo Tutelado";.
Lecturas	Cada estudante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obrigatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesor.
Recensión bilbiográfica	Cada estudante deberá entregar a(s) recensión(s) bibliográfica(s) que o profesor indicar ao longo do curso.
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes etc.
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Alén do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada estudante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.



Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Presentación oral	Cada estudante deberá facer unha presentación oral do traballo tutelado. Serán valorados os resultados da pesquisa, o rigor expositivo, a calidade da lingua utilizada e os recursos e estratexias expositivas empregadas.	10
Lecturas	Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesor.	15
Obradoiro	Realización de actividades prácticas derivadas das sesións maxistras (análise de textos, estudo de fontes documentais etc.).	10
Traballos tutelados	Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva.	10
Recensión bibliográfica	Elaboración escrita dunha ou máis recensións bibliográficas de libros e/ou artigos pertinentes para a formación do estudantado. Será valorada a capacidade de síntese, o rigor e clareza expositiva, ben como a calidade lingüística.	15
Proba mixta	Constitúe unha proba con elementos diversos, onde serán valoradas cuestións tales como os contidos, a clareza e rigor expositivo e a calidade lingüística das respostas.	40

## Observacións avaliación

Para

superar a materia,

o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Igualmente, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliábeis/instrumentos de avaliación.

O

alumnado terá de entregar os traballos e actividades no prazo fixado. Ao mesmo tempo, todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación.

O alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante; se non puiden asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Na

segunda oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior.

A cualificación de

NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non asistir ao exame (proba mixta) e/ou cando tiver entregado un número inferior de actividades ao 50%.

## Fontes de información



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Rei-Doval, G. (2007). A lingua galega na cidade no século XX. Unha aproximación sociolingüística. Vigo. Xerais</li><li>- Freitas Juvino, M. P. (2008). A represión lingüística en Galiza no século XX. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galiza. Vigo. Xerais</li><li>- García Negro, María Pilar (2009). De fala a lingua: un proceso inacabado. Santiago de Compostela, Laiovento</li><li>- Núñez Singala, M. (2009). En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega. Vigo. Galaxia</li><li>- Ninyoles, R. L. (2005). Idioma e poder social. Santiago de Compostela. Laiovento</li><li>- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2010). Linga e futuro. Santiago de Compostela. Laiovento</li><li>- Freixeiro Mato, X. R. (2002). Lingua galega: normalidade e conflito. Santiago de Compostela, Laiovento</li><li>- Phillipson, R. (1992). Linguistic Imperialism. Oxford. Oxford University Press</li><li>- González González, M. (dir.) (2007). Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. 1: Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia. A Coruña. Real Academia Galega</li><li>- González González, M. (dir.) (2008). Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Vol. 2: Usos lingüísticos en Galicia. A Coruña. Real Academia Galega</li><li>- Rodríguez Fagim, V. (2001). O galego (im)posíbel. Radiografía de umha regeneraçom inconclusa. Santiago de Compostela. Laiovento</li><li>- Garcia Negro, M. P. (2000). O galego e as leis. Aproximación sociolingüística. Pontevedra. Edicións do Cumio</li><li>- González González, M. (dir.) (2003). O galego segundo a mocidade. Unha achega ás actitudes e discursos sociais baseada en técnicas experimentais e cualitativas. A Coruña. Real Academia Galega</li><li>- Garcia Negro, M. P. (ed.) (2009). Sobre o racismo lingüístico. Santiago de Compostela. Laiovento</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías